

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA TRES DE MAIO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
Escusan asistencia D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día tres de maio de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e seis de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 606/11 de don José Morao Rey

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 100 mts de lonxitude, no lugar de Gándara, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts



Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta e dous euros con vinte e dous céntimos (#62,22#)

2.2.- Instancia num. 358/11 de dona Nuria Cabanas Vázquez

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Nande, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta: num. Plantas B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior ao 0,30 m2 de superficie edificable baixo teito por cada m2 de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Julio Vázquez Suárez cun orzamento de 88.500,00 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º:- Concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 104 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harminizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona. Ademais de acordo co establecido no artigo 29 da citada lei, deberá dotar a finca de abastecemento de auga e a conexión ao servizo municipal de alcantarillado de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil setecentos setenta (#1.770,00#)

2º.- Así mesmo e á vista do disposto na lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acéptase a cesión de vías segundo o disposto na documentación presentada ó efecto (61 m2)..

2.3.- Instancia num. 468/11 de dona María Ermitas Rosario Castro Tato

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Trobe, solicita licenza para obras de conservación de muros de mampostería en Noceda, en solo cualificado no PXOM como de expansión de núcleo rural (N-2), de acordo coa relación valorada asinada polo arquitecto técnico don Manuel Gamallo Varela.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trescentos euros con dez céntimos (#300,10#)

2.4.- Instancia num. 661/11 de don Miguel Camino Bouzón



Dáse conta da citada instancia na que o interesado con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita a declaración de incursión en situación legal de fora de ordenación total para a súa vivenda situada no lugar de Trobe nº 17, nos termos da documentación que se acompaña asinada polo arquitecto técnico don Juan Carlos Lortes Gómez..

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fora de ordenación total a vivenda situada no número 7 do lugar de Trobe -San Andrés de Trobe.

Esta declaración non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de tres mil trece euros con corenta e nove céntimos (#3.013,49#)

2.5.- Instancia num. 158/11 de dona Carmen Silvina Nouriño Torres

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Illobre, solicita licenza para proceder á agrupación das parcelas 335 e 336 de concentración parcelaria de Illobre, situadas en Piñeiro, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2) e solo de núcleo rural (N-1), e posterior parcelación en sete parcelas resultantes, de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Bellet García

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de agrupación e posterior parcelación nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na tesourería municipal que ascenden á cantidade de catrocentos vinte (#420,00#) euros

3º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais

3.1.- Instancia num. 436/11 de Obras y Viales de Galicia, S.L

Dáse conta da citada instancia na que don Luís A. García Gutiérrez, en representación de Oviga, S.L, solicita a devolución da obra *Locales de exposición y graderios en el campo de la fiesta de San Miguel de Sarandón (FEIL 2009)*, por importe de oito mil douscentos oito euros con trinta e tres céntimos (#8.208,33#)

Dáse conta do periodo de exposición pública non se presentaron reclamacións

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

3.2.- Instancia num. 437/11 de Obras y Viales de Galicia, S.L

Dáse conta da citada instancia na que don Luís A. García Gutiérrez, en representación de Oviga, S.L, solicita a devolución da obra *Afirmado e acondicionamento de pistas en Corbeixe, Merín, Trobe e Vedra (POS 2009)*, por importe de dous mil sesenta e oito euros con noventa e sete céntimos (#2.068,97#)



Dáse conta do periodo de exposición pública non se presentaron reclamacións

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

3.3.- Instancia num. 438/11 de Obras y Viales de Galicia, S.L

Dáse conta da citada instancia na que don Luís A. García Gutiérrez, en representación de Oviga, S.L, solicita a devolución da obra *Acondicionamento de pistas en Castro, Francés, Sete e Afós (POS 2009)*, por importe de dous mil novecientos setenta e catro euros con catorce céntimos (#2.974,14#)

Dáse conta do periodo de exposición pública non se presentaron reclamacións

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

4º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación das obras do POS 2011

4.1.- *Mellora e acondicionamento viais municipais en Dozar, Romarís, Outeiro, A Revoltiña, Paradela, Trobe e San Miguel de Sarandón (código 11.2100.0240.0)*

Con data 28/04/2011 por Resolución da Alcaldía, á vista das valoracións obtidas polos licitadores e en función da proposta da Mesa de Contratación, de acordo co establecido no artigo 135.2 da lei 30/2007, de contratos do sector público (LCSP) acordouse requirir á empresa Obras y Viales de Galicia, S.L como licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa (37,95 puntos), para que presentase a documentación preceptiva.

Dado que a citada empresa presentou en prazo a documentación requirida, visto o informe de Secretaría e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e na Disposición Adicional Segunda da LCSP, a Xunta de Goberno acorda:

PRIMEIRO.- Adxudicar á empresa Obras y Viales de Galicia, S.L con NIF. B-15.608.193 e domicilio social en Parque Empresarial de Sigüeiro. Parcela 56A (15688- OROSO) o contrato de obras consistente na *Mellora e acondicionamento de viais municipais en dozar, Romarís, Outeiro, A Revoltiña, Paradela, Trobe e San Miguel de Sarandón (código 11.2100.00240.0)*, incluída no *Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2011)*, por procedemento negociado sen publicidade, no prezo de sesenta e seis mil euros (#66.000,00#), desglosado en cincuenta e cinco mil novecientos trinta e dous euros con vinte céntimos (#55.932,20#) máis dez mil sesenta e sete euros con oitenta céntimos (#10.067,80#) de IVE, que supón unha baixa de novecientos setenta e catro euros con trinta e un céntimos (#974,31#) sobre do tipo.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto con cargo á partida 453-609 do orzamento vixente de gastos

TERCEIRO.- Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

CUARTO.- Notificar a Obras y Viales de Galicia, S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato



QUINTO.- Publicar a adxudicación do contrato no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com).

SEXTO.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Publico, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

4.2.- Construcción dun pozo de bombeo de augas residuais en Paradela (código 11.2100.0241.0)

Con data 28/04/2011 por Resolución da Alcaldía, á vista das valoracións obtidas polos licitadores e en función da proposta da Mesa de Contratación, de acordo co establecido no artigo 135.2 da lei 30/2007, de contratos do sector público (LCSP), acordouse requerir á empresa Construcciones Boqueixón, S.L como licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa (20,47 puntos), para que presentase a documentación preceptiva.

Dado que a citada empresa presentou en prazo a documentación requirida, visto o informe de Secretaría e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e na Disposición Adicional Segunda da LCSP, a Xunta de Goberno acorda:

PRIMEIRO.- Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES BOQUEIXÓN, S.L con CIF B- 15.481.716 e domicilio social en Lug. Lamas nº 15- Sergude (15885- VEDRA) o contrato de obras consistente na *Construcción dun pozo de bombeo de augas residuais en Paradela (código 11.2100.00241.0)*, incluída no *Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2011)*, por procedemento negociado sen publicidade, no prezo de corenta e tres mil seiscentos sesenta euros (#43.660,00#), desglosado en trinta e sete mil (#37.000,00#) euros máis seis mil seiscentos sesenta (#6.660#) euros de IVE, que supón unha baixa de trescentos vinte e dous euros con corenta e oito céntimos (#322,48#) sobre do tipo.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto con cargo á partida 161-609 do orzamento vixente de gastos

TERCEIRO.- Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.


CUARTO.- Notificar a CONSTRUCCIONES BOQUEIXÓN, S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato

QUINTO.- Publicar a adxudicación do contrato no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com)

SEXTO.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Publico, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

4.3.- Ampliación da rede de alumeado público en Bazar, San Miguel de Sarandón e San Pedro de Sarandón e medidas complementarias de aforro enerxético (código 11.2100.0242.0)

Con data 28/04/2011 por Resolución da Alcaldía, á vista das valoracións obtidas polos licitadores e en función da proposta da Mesa de Contratación, de acordo co establecido no artigo 135.2 da lei 30/2007, de contratos do sector público (LCSP) acordouse requerir á empresa Electricidad Cruceiro, S.L como licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa (13,50 puntos), para que presentase a documentación preceptiva.



Dado que a citada empresa presentou en prazo a documentación requirida, visto o informe de Secretaría e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e na Disposición Adicional Segunda da LCSP, a Xunta de Goberno acorda:

PRIMEIRO.- Adxudicar á empresa Electricidad Crucerio, S.L con NIF. B-15.457.575 e domicilio social en Parque Empresarial . Parcela 9 (15810- ARZÚA) o contrato de obras consistente na *Ampliación da rede de alumeado público en Bazar, San Miguel de Sarandón e San Pedro de Sarandón e medidas complementarias de aforro enerxético (código 11.2100.00242.0)*, incluída no *Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2011)*, por procedemento negociado sen publicidade, no prezo de corenta e un mil cincocentos tres euros con cincuenta e cinco céntimos (#41.503,55#), desglosado en trinta e cinco mil cento setenta e dous euros con cincuenta céntimos (#35.172,50#) máis seis mil trescentos trinta e un euros con cinco céntimos (#6.331,05#) de IVE, que supón unha baixa de cero (#0,00#) euros sobre do tipo.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto con cargo á partida 165-609 do orzamento vixente de gastos

TERCEIRO.- Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

CUARTO.- Notificar a Electricidad Cruceiro, S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato

QUINTO.- Publicar a adxudicación do contrato no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com)


SEXTO.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Publico, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

5º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación das obras do PCC 2008-2011

Con data 28/04/2011 por Resolución da Alcaldía, á vista das valoracións obtidas polos licitadores e en función da proposta da Mesa de Contratación, de acordo co establecido no artigo 135.2 da lei 30/2007, de contratos do sector público (LCSP) acordouse requirir á empresa Construcciones Boqueixón, S.L como licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presentase a documentación preceptiva.

Dado que a citada empresa presentou en prazo a documentación requirida, visto o informe de Secretaría e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e na Disposición Adicional Segunda da LCSP, a Xunta de Goberno acorda:

PRIMEIRO.- Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES BOQUEIXÓN, S.L con CIF B- 15.481.716 e domicilio social en Lug. Lamas nº 15- Sergude (15885- VEDRA) o contrato de obras consistente na *Ampliación da rede de saneamento en Outeiro (código 11.3300.0244.0)*, incluída na *1ª fase da anualidade 2011 do PCC 2008-2011*, por procedemento negociado sen publicidade, no prezo de trinta e nove mil douscentos noventa e catro euros (#39.294,00#), desglosado en trinta e tres mil trescentos (#33.300,00#) euros máis cinco mil novecentos noventa e catro (#5.994,00#) euros de IVE, que supón unha baixa de cincocentos setenta e dous euros con tres céntimos (#572,03#) sobre do tipo.



SEGUNDO.- Dispoñer o gasto con cargo á partida 161-609 do orzamento vixente de gastos

TERCEIRO.- Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

CUARTO.- Notificar a CONSTRUCCIONES BOQUEIXÓN, S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato

QUINTO.- Publicar a adxudicación do contrato no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com)

SEXTO.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

6º.- Aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación do contrato de servizos de mantemento dos alumeados públicos municipais.

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación do contrato de servizos , cuxo obxecto é a realización do servizo de conservación, reposición e mantemento dos alumeados públicos municipais, mediante procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido no artigo 153.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado prego

7º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

7.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezoito de abril do ano que andamos, polo que se acorda que se proceda ao arquivo das actuacións practicas no expediente tramitado con respecto de don Gonzalo Morgade Barreiro en calidade de propietario da parcela sita en Sol -Santa Cruz de Ribadulla, ao terse procedido á limpeza e acondicionamento da mesma

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.2.- Dáse conta de Resolucións da Alcaldía de data vinte e oito de abril do ano que andamos, polas que en función da proposta da Mesa de Contratación, acórdase clasificar as proposicións presentadas polos licitadores que presentaron ofertas para a adxudicación das obras do POS 2011, e requirir ao 1º clasificado para que presente a documentación preceptiva para proceder á súa adxudicación, de acordo co establecido no artigo 135 da Lei 30/2007, de contratos do sector público (LCSP)

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.3.- Dáse conta de Resolucións da Alcaldía de data vinte e oito de abril do ano que andamos, polas que en función da proposta da Mesa de Contratación, acórdase clasificar as proposicións presentadas polos licitadores que presentaron ofertas para a adxudicación das obras do PCC 2008-2011, 1ª fase da anualidade 2011, e requirir ao 1º clasificado para que presente a documentación preceptiva para proceder á súa adxudicación, de acordo co establecido no artigo 135 da Lei 30/2007, de contratos do sector público (LCSP)

A Xunta de Goberno dáse por enterada



8º.- Outros asuntos

8.1.- Escrito num. 638/11 da Asociación de Gaiteiros Galegos

Dáse conta da citada instancia na que don Jesús Olimpio Giraldez Río, en calidade de directivo da Asociación de gaiteiros Galegos, expón que o día 29 de maio queren celebrar na Casa de Cultura de San Miguel de Sarandón unha xornadas sobre da Requinta da Ulla, polo que solicitan a autorización para usar a citada casa

A Xunta de Goberno acorda autorizar o uso da Casa de Cultura para a celebración das citadas xornadas.

Conclúe ao fio das vinte e dúas horas e dez minutos

